

Á MESA DO PARLAMENTO

Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa ás xestións realizadas para dar cumprimento á Proposición non de Lei aprobada no Parlamento de Galicia, na que se instaba ao Goberno de Galicia a tomar as medidas necesarias para que os alumnos e alumnas do Centro de Educación Infanta Elena de Monforte, unha vez rematado o ensino obrigatorio, podan continuar en prazas públicas o seu período ocupacional e formativo no término municipal de Monforte.

A Comunidade Educativa do Centro de Educación Especial de Monforte, leva tempo pedindo unha solución para o alumnado escolarizado neste centro que, cando remata a escolarización obrigatoria, se atopa nun horizonte de baleiro formativo, ocupacional, persoal, social e laboral. Durante os últimos anos levan chamado a todas as portas e falado con multitude de axentes, mais ano tras ano o problema segue estancado para desesperación das familias afectadas.

É necesario recordar que o Centro de Educación Especial Infanta Elena de Monforte é un dos dous únicos centros específicos para atender alumnado con diversidade funcional existentes na Provincia de Lugo. Trátase polo tanto dun centro que da resposta ás necesidades educativas dos rapaces e rapazas de Monforte, mais tamén de toda a contorna do sur de Lugo e dos concellos limítrofes da provincia de Ourense.

O que as familias dos rapaces e das rapazas con Necesidades Educativas Especiais das Terras de Lemos piden, non é outra cousa que o cumprimento dos dereitos fundamentais dos seus fillos e fillas, de xeito que se favoreza a súa autonomía persoal e a súa integración social unha vez rematado o período de escolarización limitado ata ós 21 anos. Neste momento, o acceso a vida adulta dos rapaces é vivida con fonda angustia e

preocupación para ás súas familias pois precisan duns espazos formativos e ocupacionais cos que a día de hoxe non contan.

Son moitas as familias que se atopan nesta situación límite, moitas delas procedentes do medio rural da contorna, sen opcións de futuro para o seus fillos e fillas e polo tanto necesitados dunha vía formativa e ocupacional que posibilite un desenvolvemento normalizado na idade adulta nun marco inclusivo e adaptativo.

Os rapaces e rapazas con Necesidades Educativas Especiais escolarizados en centros específicos, teñen dereito a ter un proxecto de vida realizable que dependendo das circunstancias persoais de cada caso, debera concretarse nunha saída orientada cara un centro ocupacional, un centro especial de emprego, unha empresa ordinaria con apoio, un centro de día, etc...

Compre recordar tamén que o CEE Infanta Elena conta con espazos e terreos para poder contar cun Centro de Continuidade nas súas inmediacións. O Concello de Monforte ten posto a disposición do Goberno Galego terreos para poder realizar as ampliacións que fosen necesarias. So falla a disposición e vontade do Goberno Galego e da colaboración das distintas administracións e departamentos da Xunta de Galicia para acadar unha saída de futuro para os rapaces e rapazas con necesidades educativas especiais das Terras de Lemos e de toda a zona sur de Lugo e concellos limítrofes da provincia de Ourense.

Neste escenario, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, defendeu unha Proposición non de lei na Comisión 4ª do Parlamento de Galicia, coa que se buscaba dar unha solución a un problema que, como xa se dixo, leva anos estancado e sen visos de solución.

Deste xeito o 17 de setembro de 2015 o Parlamento de Galicia acordaba instar “ao Goberno de Galicia a tomar as medidas necesarias para que os alumnos e alumnas do Centro de Educación Infanta Elena de Monforte, unha vez rematado o ensino obrigatorio, podan continuar en prazas públicas o seu período ocupacional e formativo no término municipal de Monforte.”

Pasado medio ano deste acordo, o Goberno Galego non fixo ningunha consignación económica nos orzamentos do ano 2016 e non temos constancia de proxecto de obra ou planificación algunha para dar cumprimento dos compromisos acadados en sede parlamentar.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Pleno.

Que actuacións acometeu o Goberno Galego, dirixidas a dar cumprimento do acordo tomado por todos os Grupos con representación no Parlamento de Galicia o 17 de setembro de 2015 no que era instado *“a tomar as medidas necesarias para que os alumnos e alumnas do Centro de Educación Infanta Elena de Monforte, unha vez rematado o ensino obrigatorio, podan continuar en prazas públicas o seu período ocupacional e formativo no término municipal de Monforte”*?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2016.

Asdo.: Ramón Vázquez Díaz
Xabier Ron Fernández
Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 23/02/2016 17:26:04

Jose Javier Ron Fernandez na data 23/02/2016 17:26:12